

A Cámara informa sobre os sistemas de xestión da seguridade na información

Ferrol. 07/04/2009. A Cámara de Comercio de Ferrol organiza, para o próximo 15 de abril, unha xornada técnica sobre os sistemas de xestión da seguridade da información de acordo coa norma ISO 27001.

Esta actividade está dirixida a todos aqueles empresarios, directivos, responsables de calidade e informática daquelas empresas, institucións e entidades para as que a información constitúe un factor relevante na súa actividade.

O obxectivo é proporcionar información útil sobre a citada norma e concienciar da necesidade de adoptar medidas de seguridade informática para protexerse dos riscos asociados ao uso crecente das tecnoloxías da información.

A primeira parte desta xornada estará a cargo de Luís Gómez, director de Start Up, empresa especializada en seguridade da información, líder en implantación da LOPD e da ISO 27001.

A súa intervención centrarase en explicar para que serve a norma, que recursos precisa, que vantaxes reporta e en que sectores é prioritaria, ademais de abordar a súa relación coa Lei Orgánica de Protección de Datos

Pola súa banda, Ángel Modino, responsable de LLoyd's Register, abordará aquelas cuestións relativas á avaliación da certificación da norma ISO 27001.

A asistencia á xornada ten carácter gratuíto previa inscrición que poderá formalizarse no departamento de innovación da Cámara (981 33 31 65 - innovacion@camaraferrol.org).

Pódese obter máis información en <http://ferrolinnovacion.com>.

